

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Arundo donax L.

Trátase dunha herba gramínea de orixe asiática citada en Galicia por vez primeira no ano 1852. É coñecida como cana ou xunco xigante. Introduciuse para uso ornamental, formar sebes e soste os emparrados das viñas, práctica en desuso que provocou a súa proliferación e descontrol no medio natural. Atópase naturalizada por toda Galicia en lugares con certo grado de humidade, desprazando completamente á vexetación autóctona, alterando os regatos e medios riparios que coloniza e afectando a súa estrutura e funcionamento, así como á xestión deses recursos hídricos. É considerada pola UICN unha das 100 EEI máis perigosas do mundo.

Colabora no Atlas escribindo a botanica@sghn.org

http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html

